

INFORMACIÓN BONIFICACIÓN DE TAXAS CURSO 2022/2023

DOCUMENTACIÓN NECESARIA:

A) EN TODOS OS CASOS:

Fotocopia do documento de identidade vixente do/a solicitante.

B) PARA ACREDITAR UNHA O VARIAS SITUACIÓNS QUE DAN DEREITO A UNHA BONIFICACIÓN TOTAL OU PARCIAL:

FAMILIA NUMEROSA

- Fotocopia do título de familia numerosa vixente.
- Libro de familia ou, no seu defecto, certificado de nacemento de todos os integrantes do título de familia numerosa.

FAMILIA MONOPARENTAL

Para os efectos desta solicitude de bonificación de taxas, enténdese por familia monoparental o núcleo familiar composto por un único proxenitor ou proxenitora que non conviva con outra persoa coa que manteña unha relación análoga á conxugal, e os/as fillos/as menores ao seu cargo.

- Acreditación de estar en solitario ao cargo do/s menor/es (defunción, fillos recoñecidos por un só proxenitor/a, retirada de patria potestade, sentenza con medidas de garda e custodia, etc.).
- Declaración responsable de non manter con outra persoa unha relación análoga á conxugal.

FAMILIA CON PERSOAS MAIORES A CARGO

Para os efectos desta solicitude de bonificación e nos termos da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, enténdese por familia con persoas maiores ao cargo aquela na que conviva algún ou algunha ascendente maior de 65 anos que non teña rendas anuais superiores á cantidade que se fixe na lexislación reguladora do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas para aplicar o mínimo por ascendente do exercicio fiscal a valorar.

- Documentación acreditativa do parentesco con maior a cargo.
- Certificado de convivencia do maior a cargo, que acredite a convivencia actual de un mínimo de seis meses no período que se estea a valorar (só necesario para as familias empadroadas en concellos distintos ao Concello de Ames).
- Autorización da/s persoa/s maiores a cargo ao Concello para solicitar a Axencia Tributaria a información necesaria.

FAMILIA CON PERSOAS CON DISCAPACIDADE A CARGO

Aquelas familias nas cales conviva algún ou algunha ascendente ou descendente, solicitante ou parella que acredite un grao de discapacidade igual ou superior ao 33%, que non teñan rendas anuais superiores á cantidade que se fixe na lexislación do IRPF para aplicar o mínimo por ascendente ou descendente con discapacidade.

- Documentación acreditativa do parentesco coa persoa con discapacidade.
- Certificado que acredite a discapacidade.
- Certificado de convivencia da persoa con discapacidade a cargo, que acredite a convivencia actual e un mínimo de seis meses no período que se estea a valorar (só necesario para as familias empadroadas en concellos distintos ao Concello de Ames).

- Autorización da/s persoa/s maiores con discapacidade ao Concello para solicitar a Axencia Tributaria a información necesaria.

FAMILIA CON PERSOAS DEPENDENTES A CARGO

Aquelas que convivan con persoas que teñan recoñecida a situación de dependencia.

- Documentación acreditativa do parentesco co dependente.
- Certificado que acredite a dependencia.
- Certificado de convivencia do dependente a cargo (só necesario para as familias empadroadas en concellos distintos ao Concello de Ames).

FAMILIAS ACOLLEDORAS

Aquelas familias que se encargan do coidado e educación dun ou varios nenos/as ou adolescentes que non poidan ou non deban estar cos seus pais e nais de xeito temporal ou permanente, asumindo as obrigas de velar por eles, telos na súa compañía, alimentalos e procurarlles unha educación integral.

- Resolución do acollemento a nome do solicitante, ou cónxuxe.

EMERXENCIA SOCIAL

- Resolución da concesión de emerxencia social do Concello de Ames.

FAMILIAS EN SITUACIÓN DE ESPECIAL VULNERABILIDADE ECONÓMICA

Aquelas que se atopan nunha probada situación de necesidade, como son as perceptoras da renda de inclusión social de Galicia, ou aqueloutras que perciben prestacións ou rendas do traballo que non superen o 125 % dos límites equivalentes da renda de inclusión social de Galicia que lles serían aplicables segundo a composición da unidade de convivencia.

- A xustificación do cobro da RISGA durante o período a valorar (de ser o caso).

FAMILIAS VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO

Teñen a consideración de familias vítimas de violencia de xénero, aquelas nas que conviva algunha muller ou menor vítima de violencia de xénero.

- Certificación da orde de protección ou da medida cautelar, ou testemuño ou copia autenticada pola secretaria ou polo secretario xudicial da propia orde de protección ou da medida cautelar.
- Sentenza de calquera orde xurisdiccional que declare que a muller sufriu violencia en calquera das modalidades definidas nesta lei.
- Certificación e/ou informe dos servizos sociais e/ou sanitarios da Administración pública autonómica ou local.
- Certificación dos servizos de acollida da Administración pública autonómica ou local.
- Informe do ministerio fiscal que indique a existencia de indicios de violencia.
- Informe da Inspección de Traballo e da Seguridade Social.

IMPORTANTE:

AS ANTERIORES BONIFICACIÓNS NON SON ACUMULABLES, DE XEITO QUE OS/AS USUARIOS/AS TAN SÓ PODERÁN ACOLLERSE A AQUELA QUE LLES RESULTE MÁIS BENEFICIOSA.

TODA A DOCUMENTACIÓN APORTADA DEBERÁ ESTAR COTEXADA, PARA O QUE, PODERÁ ACHEGAR AO REXISTRO DO CONCELLO OS ORIXINAIS E AS COPIAS PARA SER COTEXADAS. PARA O CASO DE SER PRESENTADA ELECTRONICAMENTE, SERÁN COPIAS AUTÉNTICAS.